

# MARÍA CASARES. A MULLER QUE VIVIU MIL VIDAS

Xavier Villaverde, 2022

# 1077

ESTREA EN NUMAX: 10.03.2023 | V.O. | +7 | 105 min

Documental que nos aproxima de maneira íntima e profunda á actriz coruñesa María Casares, unha muller extraordinaria cunha vida marcada pola Guerra Civil e o exilio a Francia. Viviremos xunto a ela os feitos históricos máis relevantes do século XX en Europa, unha vida apaixonante na que se cruzan figuras culturais de primeira orde. Comprometida e incansable no seu traballo, busca permanentemente propostas escénicas audaces e arriscadas que a acabarán convertendo nunha das actrices máis impresionantes e aclamadas do cinema e o teatro francés.



# MARÍA CASARES. A MULLER QUE VIVIU MIL VIDAS

Xavier Villaverde, 2022

EUROPA  
CINEMA  
Creative Europe MEDIA

## Residente privilexiada

Por María Casares

O meu nome é Maria Casarès. Nacín en novembro de 1942 no teatro Les Mathurins. Fun criada baixo a tutela de Marcel Herrand e Jean Marchat, dos franceses de boa cepa, tan diferentes coma a noite e o día, e que combinaron os seus esforzos para me dotar, dunha banda, dunha boa dose de humor e inocencia, a que cómpre para vivir entre bastidores e sobre a escena, doutra parte, do gusto pola aventura e da capacidade necesaria para vencer as miñas pusilanimidades e permitirme así me aventurar. Déronme tamén o meu nome.

A miña patria é o teatro; e os dramas, as traxedias, as farsas, os melodramas, os sainetes, os vodeví, milagres ou misterios, toda a comedia humana, en fin, que alí se interpreta, é a que eu vivo. As informacións que alí se aprenden sobre o mundo e os seus habitantes fan os meus coñecementos; e a miña experiencia da vida sería ben cativa, se non tivese para ma ensinar o calidoscopio rápido e de aumento que ma reflicte no teatro. Coñecín no escenario máis problemas, dificultades, incidentes, accidentes, fracasos, triunfos, praceres, alegrías, éxtases, acontecementos de toda clase e de toda envergadura que todos cantos podería acumular na máis rica das existencias.

Viaxei por todas partes, no espazo e no tempo. Coñecín a Xoana de Arco, María Tudor de Inglaterra, Catarina de Rusia, Fausto de Wittemberg, Teresa de Ávila, a Medea dos gregos e San Juan de la Cruz. Vivín meses na intimidade de Séneca, de Hugo, de Péguy, Shakespeare, Calderón, Pirandello, Kleist, Ibsen, Strindberg, Racine, Marivaux. Partillei as fascinacións, as decepcións e os abraios dos artistas do noso tempo. Vivín nos palacios do Renacemento, os castelos da Idade Media, as ruínas do Imperio Azteca. Cabalguei as monturas das Amazonas. Atravesei portas pechadas. Atravesei os séculos. Camiñei do outro lado dos espellos. Sobrevivín á guerra, á peste, á mesma morte. Fun a Morte, a Vida, e o Home, e a Muller, unha Planta, unha Serpe, unha Illa no Océano Índico. Vivín cen destinos. Sufrín os máis graves casos de conciencia. Matei. Traizoei. Fun verdugo e mártir. Sádica e masoquista. Tirana e escrava. Representei as máis belas historias de amor.

Receptáculo das forzas vivas que nos moven a todos, transfigurada en bruxa pola vontade do poeta e a maxia do teatro, levaba en min o vello xesto como aqueloutro que ía vir. *Coñecía* a vindeira silueta que estaría mañá de moda. *Sabía* o camiño que ía ser inventado. *Preparei* as descubertas. *Anunciei* os crepúsculos e os renacementos. Proclamei a guerra ou a paz.

Viaxei... Viaxei. Non sei se tanto polos mesmos ceos ca o drogado; pero, certamente máis e por outros países ca o turista que fixo varias veces a volta ao mundo. Porque o turista que se aventurase a representar ou a encarnar os lugares e as criaturas que atopase deixaría e ser turista e xa non encontraría na vida tan breve que é a nosa, tempo abondo para viaxar. Asumir destinos de escolla, exiliarse en climas sempre recreados, sufrir ou gozar as grandes peripecias da humanidade, supón unha seria perda de materia prima. A vitalidade, a imaxinación, a concentración, solicitadas sen parar, incluso nesta cacharela que é o teatro onde parecen tan ben arder para sempre renacer, desgástanse. O paxaro perde as súas longas e fermosas penas; o fabuloso fénix, a arrastrar as súas ás chamuscadas só é un vello loro, e o actor, que está feito para actuar a través do xesto e da palabra, só un infame cadelo.

Fragmento de Casares, M. (2009). *Residente privilexiada* (A. B. Martínez Delgado, Trad.). Editorial Trifolium. (Obra orixinal publicada en 1980)



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Residente privilexiada*,  
María Casares.  
Editorial Trifolium, 2009

*O tempo das mareas*,  
María González Lopo.  
Consello da Cultura Galega, 2016

*Correspondencia 1944-  
1959*  
María Casares e  
Albert Camus,  
Debate, 2023